



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Corrección de erros na convocatoria e bases para a constitución dunha lista de espera (bolsa de traballo) de traballador/a social

ANUNCIO

Expediente núm. 2025/E001/000005

No procedemento de referencia a concelleira-delegada da Área da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditou o Decreto 1417/2025, do 17 de xuño (2025/G003/001430) de modificación do decreto 1171/2025, do 21 de maio (2025/G003/001127), co seguinte teor literal:

“DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS REFERENTE Á CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABALLO) DE TRABALLADOR/A SOCIAL

ANTECEDENTES DE FEITO

No expediente de referencia 2025/E001/000005 foi ditado o Decreto núm. 1171/2025, do 21 de maio (2025/G003/001127), de convocatoria e bases para a constitución dunha lista de espera (bolsa de traballo) de traballador social.

Advertido un erro na citada resolución, procede a súa corrección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala:

“Artículo 109. Revocación de actos y rectificación de errores.

(....)

2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Polo tanto, ao abeiro do disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; nos artigos 14 e 15 do Regulamento orgánico municipal, publicado no BOP núm. 179, do 06/08/2001; e nos artigos 43 apartados 3.4 e 5, 44 e 45 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), a través do presente decreto,

RESOLVO:

Único. Corrixir o erro existente no Decreto da Alcaldía núm. 1171/2025, do 21 de maio, nos seguintes termos:

NA BASE 4. NA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES,

Onde di:

“As instancias serán dirixidas ao concello no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE) ”;

Debe dicir:

“As instancias serán dirixidas ao concello no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP)”.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá Ana María Pena Purriños”.

A data para presentación de instancias rematará aos **dez (10) días hábiles** a contar desde o seguinte á presente corrección no Boletín Oficial da Provincia. Aquelas solicitudes que se presentaran con anterioridade ao presente anuncio, e con posterioridade ao 10 de xuño (este día incluído), considéranse válidas a efectos de participar no proceso selectivo.

As Pontes de García Rodríguez, 18 de xuño de 2025

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños

2025/4055